

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 29 DE MARZO DE 2022

SEÑORES ASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS:

Don Pablo Sobrado Vázquez

Don José Manuel Fernández Otero

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e nove de marzo de dous mil vinte e dous, reunidos en primeira convocatoria os señores concelleiros que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as nove horas corenta e cinco minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 25 de marzo de 2022, foi aprobado por unanimidade dos Sres. concelleiros presentes.

2.- LICENZA DE OBRAS

- Jesús González Vázquez

ANTECEDENTES

1. Don JESÚS GONZÁLEZ VÁZQUEZ, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio na Coruña (A Coruña), solicita con data 10 de febreiro de 2022 (RE-E núm. 60) licenza municipal para

CONSTRUCCIÓN DE MUROS DE PECHE DE PARCELAS, con emprazamento no lugar de Outeiro, parroquia de Guillar.

2. Achégase proxecto técnico redactado pola enxeñeira de camiños, canais e portos Dona Leticia Diéguez Alonso, de data 22/07/20.
3. O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis meses e o de execución das obras, de conformidade co indicado no proxecto, fíxase en catro (4) meses.
4. Constan no expediente os correspondentes informes xurídico e técnico emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. A intervención municipal ten o seu fundamento na competencia que lle confire o artigo 25.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), así como os artigos 5 e 8 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
2. A actividade solicitada atópase entre as sometidas a licenza municipal previa conforme ao previsto nos artigos 142.2 a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e artigo 351 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia (RLSG).
3. As obras proxectadas sitúanse en terreos clasificados como “solo rústico de protección agropecuaria”, “solo de núcleo rural” e “área de expansión de núcleo rural” polo PXOM en vigor.
4. Solicítase licenza para a construción de muros de peche para varias parcelas catastrais da mesma propiedade e a execución de traballos previos de demolición de dous tramos de peches existentes
5. As obras de demolición proxectadas afectan a un primeiro tramo de muro existente de fábrica de ladrillo revestido con morteiro de cemento con elementos, nalgún caso, de pedra vista e a un segundo tramo de peche de parcela, no lindeiro coa vía pública, de cachotería de pedra granítica cunha cancela metálica que se retirará, co fin de desprazar o acceso á propiedade e adaptar este tramo do peche á aliñación do de nova execución proxectado.

6. Os novos peches proxectados consisten en varios tramos de muros, un de cachotería de pedra granítica, no que se colocará a cancela de acceso previamente retirada, e os restantes executados en formigón armado con acabado superficial totalmente liso, similar a un revestimento con morteiro de cemento, finalizando o acabado exterior coa aplicación de pintura en cor a elixir segundo a guía de cor e materiais de Galicia para a zona de Galicia Central.
7. Resulta de aplicación a Disposición Transitoria primeira da LSG, na que se establece que ao solo rústico dos municipios con planeamento aprobado definitivamente con anterioridade a entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, aplicaráselles o disposto na LSG para o solo rústico, mantendo, en todo caso, a vixencia das categorías de solo contidas no planeamento respectivo.
8. A mesma Disposición Transitoria, establece que ao solo de núcleo rural e ás áreas de expansión dos municipios con planeamento aprobado definitivamente con anterioridade a entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, aplicaráselles integramente o disposto no planeamento respectivo, agás o que se refire ás edificación tradicionais existentes, ás que será de aplicable o previsto no artigo 40 da LSG. Polo tanto, aplícanse, a estes solos, as condicións de edificación establecidas pola Ordenanza núm. 6, normas reguladoras das zonas de solo de núcleos rurais e áreas de expansión, do PXOM do Concello de Rodeiro.
9. Os valados de predios correspóndense cun uso admisible en calquera categoría do solo rústico logo da obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística segundo o artigo 36.1 da LSG. Os cerramentos de fincas son obras permitidas no solo de núcleo rural e nas súas áreas de expansión pola ordenanza núm. 6 do PXOM.
10. As referencias catastrais das parcelas afectadas polas obras son as seguintes:

36047A024114010000PD
36047A024003850000PE
36047A024003840000PJ

36047A024003750000PO
36047A024004250000PB
36047A024004260000PY
36047A024004230000PW

11. O orzamento de execución material das obras ascende á cantidade de CINCUENTA E CATRO MIL CINCUENTA EUROS CON CATORCE CÉNTIMOS (54.050,14 €).
12. Nos solos rústicos de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal (artigo 36.2 LSG).
13. Figura no expediente o preceptivo informe favorable emitido, con data 4 de agosto de 2020, polo Servizo de Explotacións Agrarias da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural en Pontevedra.
14. Seguiuse a tramitación prevista nos artigos 9 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, por remisión do artigo 143.2 LSG.
15. O carácter regrado da licenza establecido pola doutrina e xurisprudencia determina que o Concello ven obrigado a conceder licenza urbanística se conforme a normativa aplicable é posible levar a cabo a actuación urbanística solicitada.
16. Deberá liquidarse o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP núm. 248, do 29 de decembro de 1999, e a Taxa por licenzas urbanísticas, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP do día 27 de decembro de 1989.
17. O órgano competente é a Xunta de Goberno Local, por delegación do alcalde (Resolución do 9 de marzo de 2021).

Xa que logo, visto o anterior e de conformidade cos informes técnicos que obran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- CONCEDER a Don JESÚS GONZÁLEZ VÁZQUEZ licenza municipal para CONSTRUCCIÓN DE MUROS DE PECHE DE PARCELAS, con emprazamento no lugar de Outeiro, parroquia de Guillar, con estrita suxeición ao proxecto técnico redactado pola enxeñeira de camiños,

canais e portos Dona Leticia Diéguez Alonso, de data 22/07/20, coas condicións especiais seguintes:

- a) Esta concesión outórgase salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro e terán que cumprirse, de ser o caso, as condicións fixadas polos organismos con competencias sectoriais.
- b) Os prazos de inicio e execución comezarán a computarse dende a data seguinte ao recibo da notificación do presente acordo. Se as obras non se iniciasen ou se executasen durante os prazos establecido ou ben, se interrompan por tempo superior a seis meses, procederase a declarar a caducidade da licenza, previa audiencia ao interesado. Non obstante, poderá solicitarse prórroga dos referidos prazos previa solicitude expresa formulada polo interesado e condicionada ao cumprimento das condicións establecidas no artigo 145.2 da LSG e artigo 359 do RLSG.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras pola cantidade de MIL OITENTA E UN EUROS (1.081,00 €).

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación da Taxa por licenzas urbanísticas pola cantidade de DOUSCENTOS SETENTA EUROS CON VINTE E CINCO CÉNTIMOS (270,25 €).

3.- CONTRATACIÓN DUNHA (1) TRABALLADORA AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS 2022 – LIÑA 3: EMPREGO PARA A CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS

O Sr. alcalde informa aos Sres. concelleiros presentes que, de conformidade co acordado pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 17 de febreiro do corrente, procedeuse á realización do proceso selectivo para a contratación dun posto de traballo subvencionado ao abeiro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022 da Deputación Provincial de Pontevedra.

De conformidade coas bases e baremo aprobados, o Concello procedeu a realizar oferta xenérica ante o Servizo Público de Emprego (SPE) para a preselección dos/as candidatos/as ao posto de traballo ofertado, correspondente ao perfil profesional de traballador social (RS núm. 90, do

23/02/22). En resposta á oferta presentada, a Oficina de Emprego de Lalín enviou ao Concello a seguinte relación de candidatos/as:

Traballador social (oferta núm. ██████████)

- Álvarez Filloy, Xabier
- Barciela Almuíña, Ana María
- Buján Rouco, Laura
- Díaz Nores, Paola
- Gil Gómez, Mirian

De conformidade co establecido nas bases aprobadas, concedeuse ás candidatas preseleccionadas un prazo de dous días naturais para presentar a documentación acreditativa dos requisitos, así como dos méritos a valorar no baremo. Durante dito prazo, presentaron a documentación as seguintes candidatas:

- Díaz Nores, Paola (RE-E núm. 131, do 25/03/22)
- Gil Gómez, Mirian (RE-E núm. 132, do 26/03/22)
- Buján Rouco, Laura (RE-E núm. 135, do 28/03/22)

A Comisión de Selección prevista nas Bases, reunida o día 29 de marzo do corrente, procedeu á comprobación do cumprimento por parte das candidatas presentadas dos requisitos establecidos nas bases, admitíndoas ao proceso selectivo.

Procederon deseguido á valoración dos méritos das candidatas admitidas, co seguinte resultado:

| CANDIDATA | PUNTUACIÓN TOTAL |
|-------------------|------------------|
| PAOLA DÍAZ NORES | 0,00 |
| MIRIAN GIL GÓMEZ | 0,00 |
| LAURA BUJÁN ROUCO | 2,00 |

Visto o actuado, de conformidade coa proposta efectuada pola Comisión de Selección e debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación laboral temporal, modalidade de obra ou servizo determinado de interese social, da traballadora que deseguido se sinala:

Traballadora social (6 meses)

| NOME E APELIDOS | DNI |
|-------------------|------------|
| LAURA BUJÁN ROUCO | ██████████ |

Segundo.- Tendo en conta a existencia dun empate na puntuación das restantes candidatas presentadas ao proceso selectivo, acórdase fixar a súa preferencia como reserva mediante a realización neste acto dun sorteo aleatorio por parte do secretario do Concello, na súa condición de fedatario público, co seguinte resultado:

1ª Reserva: Mirian Gil Gómez

2ª Reserva: Paola Díaz Nores

Terceiro.- Facultar ao Sr. alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

4.- DACIÓN DE CONTA DA TRAMITACIÓN DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE DOUS (2) POSTOS DE TRABALLO DE MONITOR DO TEMPO LIBRE AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS 2022 – LIÑA 3: EMPREGO PARA A CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS

Por acordo deste órgano, adoptado na sesión celebrada o día 16 de marzo do corrente, declaráronse desertos os postos de traballo de monitor do tempo libre por ausencia de candidatos/as admitidos/as ao proceso selectivo e solicitouse do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) unha ampliación da oferta ao obxecto de acadar máis candidatos/as para poder prover os postos de traballo ofertados.

En cumprimento do disposto, o Concello procedeu a tramitar a ampliación da oferta ante o Servizo Público de Emprego de Galicia (RS núm. 160, do 16/03/22). En resposta á mesma, a Oficina de Emprego de Lalín enviou ao Concello a seguinte nova relación de candidatos/as:

Monitor do tempo libre (oferta núm. ██████████)

- Barcia Pretel, Elisa
- Boo Solla, Silvia
- Fernández Fernández, Beatriz
- Gayón Cueto, Jonatan

De conformidade co establecido nas bases aprobadas, concedeuse aos/ás candidatos/as preseleccionados/as un prazo de dous días naturais para presentar a documentación acreditativa dos requisitos, así como dos méritos a valorar no baremo. Durante dito prazo, presentou a documentación a seguinte candidata:

- Barcia Pretel, Elisa (RE núm. 462, do 23/03/22)

A Comisión de Selección prevista nas Bases, reunida o día 28 de marzo do corrente, procedeu á comprobación do cumprimento por parte da candidata presentada dos requisitos establecidos nas bases, propoñendo a non admisión de Elisa Barcia Pretel ao proceso selectivo ao non acreditar estar en posesión do requisito de formación requirido nas Bases, e ao mesmo tempo a declaración como desertos dos postos de traballo correspondentes ao proceso selectivo por ausencia de candidatos/as admitidos/as.

Visto o actuado, de conformidade coa proposta efectuada pola Comisión de Selección e debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Excluir do proceso selectivo á candidata Elisa Barcia Pretel, ao non acreditar estar en posesión do requisito de formación requirido nas Bases.

Segundo.- Ante esta circunstancia, dado que non resulta posible solicitar unha nova ampliación pola previsible ausencia de novos/as candidatos/as, así como pola imposibilidade de realizar as eventuais contratacións antes da data límite legal do día 30 de marzo, acordan declarar deserta a provisión dos postos de traballo de monitor do tempo libre, subvencionados pola Deputación Provincial con cargo á Liña 3 do Plan Concellos 2022, do que se dará conta oportunamente ao organismo provincial aos efectos pertinentes.

5.- ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADE TURÍSTICA PARA VECIÑOS/AS PENSIONISTAS

Infórmase aos Sres. concelleiros presentes que o Concello ten previsto realizar o vindeiro día 8 de abril unha xornada turística para os/as veciños/as pensionistas empadroados/as no Concello, consistente nunha excursión con destino a Pontevedra, Poio, Combarro e bisbarra. Preténdese con dita iniciativa facilitar a un sector de tanto peso demográfico no noso Concello o goce dunha xornada de lecer e convivencia, visitando diversos destinos turísticos da nosa provincia. O Concello contratará o desenvolvemento da actividade cunha empresa privada especializada.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Organizar unha actividade turística para veciños/as pensionistas o día 8 de abril do corrente consistente nunha excursión a Pontevedra, Poio, Combarro e bisbarra, coa seguintes características principais:

- ✓ Poderán inscribirse os/as veciños/as empadroados/as no Concello que ostenten a condición de pensionistas ou perceptores de prestacións sociais públicas.
- ✓ Cada inscrito/a poderá ir acompañado como máximo doutra persoa empadroadada, aínda que non ostente a condición de pensionista.
- ✓ A actividade inclúe desprazamento ida e volta en autocar, seguro de viaxe, visitas turísticas e xantar en restaurante.
- ✓ Fíxase un número máximo de inscritos na actividade de cincuenta e tres (53) veciños/as.
- ✓ Establécese un copagamento por importe de quince euros (15,00 €) por inscrito/a, a abonar no momento da inscrición.
- ✓ A inscrición poderá realizarse no Centro Cultural Municipal "Manuel Lamazares" de Rodeiro, con data límite do día 6 de abril.

Segundo.- Imputar o custe da actividade á partida presupostaria 231/226 do vixente orzamento municipal, aprobando o correspondente gasto cun límite máximo de TRES MIL EUROS (3.000,00 €).

6.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- JORGE OJEA MATO 79,56 €, 39,78 €, 39,78 € E 45,89 €
Indemnización por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minutas.
- JOSÉ MARÍA NOVO RAMOS 79,56 €, 39,78 €, 39,78 € E 45,89 €
Indemnización por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minutas.
- FRANCISCO LORENZO EIRIZ 73,44 € E 36,72 €
Indemnización por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minutas.
- JOSÉ ALBOR GONZÁLEZ 73,44 € E 36,72 €
Indemnización por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minutas.
- ANA BELÉN RODRÍGUEZ PÉREZ 36,72 € E 42,83 €
Indemnización por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minutas.
- OVIDIO AREÁN DIÉGUEZ 36,72 €
Indemnización por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minutas.
- JUAN MANUEL GARCÍA PÉREZ 1.807,84 €
Honorarios por dirección facultativa da obra de “*Melloras no Centro de Saúde de Rodeiro*”, s/factura núm. 2_202215 (FACe).
- BCR DEZA ENXEÑEIROS S.L. 903,92 €
Honorarios por coordinación de seguridade e saúde da obra de “*Melloras no Centro de Saúde de Rodeiro*”, s/factura núm. 22/14.
- RECURSOS E PROGRAMAS ACTIVOS S.L.U. 3.380,74 €
Por prestación de servizo de reforzo temporal do persoal do Punto de Atención á Infancia (PAI), no mes de febreiro de 2022, s/factura núm. 22A00030 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as dez horas vinte minutos, da que como secretario, estando a presente e certifico.

O secretario,
(sinatura dixital)

O alcalde,
(sinatura dixital)